

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día trinta de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1643).- RATIFICACION DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2((1644).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PAR AO ANO 2015. EXPTE. 102918/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22/12/14 e o de fiscalización do 29/12/14, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, asinado polo xefe da área de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada de Política de Benestar, mediante Resolución de data 18.12.2014 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIODICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2015», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política de Benestar.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. O Programa desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal. Consta dun total de trece Bases, nas que se regulan polo miúdo os obxectivos, requisitos, obrigas dos beneficiarios, o procedemento de valoración e concesión, a contía das axudas, a forma de aboalas e xustificalas, o crédito dispoñible, etc.

V. O contido deste Programa para 2015 é moi semellante ó do exercicio de 2014. Se acaso, pagaría a pena salientar as novidades introducidas na Base sétima ("Natureza e contía das axudas") a respecto das contías máximas das axudas/mes en concepto de alimentos e aloxamento e o establecemento dun tope máximo anual por todos os conceptos subvencionables (aloxamento, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais); medidas derivadas da experiencia na aplicación práctica deste programa de axudas nos últimos anos.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que nos programas 2310 de Benestar Social e 3133 de CEDRO existe (nos dous) a aplicación 480.00.00 "Axudas a familias" e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a "Melloras en fogares", con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto, condicionado por tanto á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Concello de Vigo para 2015.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer à Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2015», elaborado polo Departamento de Benestar social.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Concello de Vigo para 2015.

TERCEIRO: Nas condicións indicadas, autorizar o gasto de 445.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 ou á súa bolsa de vinculación e de 20.000€ con cargo á aplicación nº 3133.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas individuais de emerxencia para o exercicio de 2015, correspondentes ós centros de gasto 2310 (Benestar Social) e 3133 (CEDRO), da Concellería de Política de Benestar. Condicionado igualmente á existencia de consignación orzamentaria no exercicio de 2015, propónse tamén autorizar o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00, para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar, por solicitude do Departamento de Política de Benestar e de CEDRO e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados deses departamentos, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social e CEDRO.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1645).- BASES E CONVOCATORIA DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2015”. EXPTE. 102893/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 19/12/14 e de fiscalización do 29/12/14, dáse conta do informe-proposta do 18/12/14, da xefa do servizo de Benestar Social conformado polo asesor xurídico de área, polo xefe da área de Benestar Social e polas concelleiras de Políticas de Benestar e de Facenda, que di o seguinte:

“I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e inserción social» residenciase agora na Admón. autonómica,

que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaríanse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais; nomeadamente, na L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos

sociais de Galicia, na L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social e na L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia.

II. A POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL EN MATERIA DE AXUDAS A PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE.

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política de benestar, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considera necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2015 figurará unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A regulamentación do procedemento de concesión das axudas e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Bases, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

III. O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015».

A L.9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria, debendo xustificar perante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións determinantes da concesión (Arts. 10.1 e 11 LSG e, en termos semellantes: Arts. 11.1 e 14.1 LXS).

As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no receptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia (Arts. 28.9 LSG e 30.7 LXS).

A teor do exposto, perante a intervención xeral municipal o que habería que xustificar é a concorrencia da situación socio-económica dos solicitantes establecida nas Bases como presuposto do outorgamento das axudas. En calquera caso, a maiores, a Concellería de Política de Benestar considera necesario verificar o seu destino e aplicación ós fins previstos e, con este

obxectivo, establécese nas Bases un determinado sistema de aboamento e de xustificación destas axudas, o que deberá permitir comprobar a súa efectividade e a correcta utilización dos recursos públicos.

Unha vez cumpridos os requisitos fixados para obter a condición de beneficiario, as contías a percibir por cada persoa ou unidade de convivencia serán calculadas tendo en conta número de membros, ingresos, gastos de aloxamento e persoas cunha discapacidade igual ou superior o 65%.

Inclúense tamén criterios de prioridade no destino destas axudas, encamiñadas principalmente a solventar un dos problemas máis graves hoxendía das persoas e familias, como é o mantemento da vivenda habitual, evitando no posible as dramáticas consecuencias derivadas dos procesos de desafiuzamento hipotecario ou por falta de pagamento da renda.

O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes deben cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignaráselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.800.000 €) dividirase entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicará pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reservarásese 200.000 € para atender ás posibles reclamacións que se presenten.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 2.000.000 € para financiar este Programa, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4800002, da seguinte forma:

–1.800.000 € destinaranse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes presentadas.

–200.000 € destinaranse a atender as eventuais reclamacións, con resolución positiva, dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa de prestacións individuais non periódicas de emerxencia social para o ano 2015», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

TERCEIRO: O expediente tramitarase como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio de 2015».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015»

BASES E CONVOCATORIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Arts. 25 DUDH e 11.1 PIDESC).

Especificamente, en relación coa protección da familia, establecen o deber de concederlle a máis ampla protección e asistencia posibles por parte da sociedade e do Estado (Arts. 16.3 DUDH e 10 PIDESC).

A Constitución española de 1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España e, asumindo aqueles contidos, obriga ós poderes públicos a crear as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (Arts. 9, 10.2 e ccetes. CE/1978).

Ademais, no marco dos principios rectores da política social e económica, inclúe un mandato específico tendente a asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, regula o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito (Arts. 39 e 47 CE/1978).

II

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Esta lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social.

Atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións

transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pretende garantir a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc., atribuíndolle competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Finalmente, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, atribúe tamén ós Concellos desta Comunidade Autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

III

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaríanse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

IV

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política de benestar, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitisen facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 figurou unha partida por importe de 2.000.000€ destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A execución do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», xestionado polo Departamento de Benestar social, permitiu conceder nese exercicio case 1.300 axudas a persoas e familias en situación ou risco de exclusión social e xustificou a necesidade de seguir executándoo.

A regulamentación do procedemento de concesión das axudas para o exercicio de 2015 e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Ba-

ses, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

BASES

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos.

Segunda.- Destinatarios.

O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Terceira.- Definicións.

- «Unidade de convivencia»: para os efectos destas Bases, entenderase por tal o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto (4º) grao ou de afinidade ata o segundo (2º) grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

- «Situación de necesidade social»: entenderase que unha persoa ou unidade de convivencia está nesta situación cando a suma dos seus ingresos, descontados os custos de aloxamento, non acade o nivel de renda establecido na Táboa 1.1 destas Bases.

- «Renda da unidade de convivencia»: obterase sumando os ingresos netos mensuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos seus membros e deducindo os gastos xustificadas en concepto de aloxamento da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, cos máximos que se fixan nestas Bases.

Cuarta.- Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nestas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Quinta.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar nº 2310.4800002 (“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”) dotada con 2.000.000 €, da seguinte forma:

- 1.800.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 200.000 € destinaráanse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa de prestacións individuais non periódicas de emerxencia social para o ano 2015», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Sexta.- Gastos subvencionables e compatibilidade con outras axudas.

6.1. Serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos de aloxamento da vivenda habitual, situada no termo municipal de Vigo.

Inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Amortización de créditos hipotecarios da vivenda habitual.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).

Non inclúe:

- Gastos de comunidade.

b) Alimentación (agás bebidas alcohólicas).

c) Subministros: enerxía eléctrica e gas de vivendas situadas no termo municipal de Vigo.

6.2. Estas axudas extraordinarias serán compatibles con outras que se poidan outorgar para o mesmo fin e que veñan a complementar o importe concedido. En ningún caso a suma de todas elas poderá superar o importe estimado do custo das necesidades por cubrir.

Sétima.- Requisitos.

7.1. Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación das Bases e convocatoria destas axudas extraordinarias. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co permiso de residencia.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante a partir do 1 de novembro de 2014 de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
INGRESOS	250,00	325,00	400,00	450,00	500,00	550,00

A partir dos seis (6) membros, a contía máxima de ingresos considerada incrementarase en 50 € por cada membro adicional da unidade de convivencia.

7.2. Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
Max. Alquiler	200,00	275,00	300,00	325,00	375,00	425,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia (PMH – 01.11.2014), o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

7.3. A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

Oitava.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e aboamento das axudas e destinalas ós fins para os que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Política de Benestar, Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos servizos sociais municipais.
- d) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

Novena.- Solicitude e documentación.

9.1. As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas polo solicitante (maior de idade ou emancipado) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

9.2. Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

9.3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros:

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.

c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.

d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia (só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT).

e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia.

f) De ser o caso, nóminas do mes de novembro de 2014 de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a declaración de IVE do último trimestre do ano.

g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a data de efectos económicos).

h) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas.

i) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,

- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensuralidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos "recibín" achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

j) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

Décima.- Presentación de solicitudes e prazo.

10.1. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

10.2. O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación das Bases e convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; sendo tamén obxecto de publicidade no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traxallo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento e subsanación das solicitudes.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 71.1 LRX-PAC), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 42 LRX-PAC.

Décimo segunda.- Comisión técnica de valoración.

A Comisión técnica de valoración destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política de Benestar e integrada polo Xefe de Área, a Xefa do Servizo, a técnica responsable do programa de prestacións e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

Décimo terceira.- Tramitación e resolución das solicitudes de axudas.

13.1. Os responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

13.2. Rematada a instrucción do expediente, remitiráselle á Comisión técnica de valoración.

13.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- Concedidas: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: farase constar sempre a causa da denegación.

13.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión de valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4800002 do orzamento de Benestar social do Concello.

13.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

13.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía.

Décimo cuarta.- Criterios de distribución das axudas.

14.1. A cantidade prevista (1.800.000,00 €) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

14.2. Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes de novembro de 2014, descontado o custo do aloxamento e cos máximos establecidos na Táboa 1.2. Polo tanto, nos casos en que se acredite ese custo, poden darse situacións de ingresos negativos, que se considerarán ata un máximo de -425 €.

14.3. A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible divídese entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto.

O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

14.4. Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaranse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

14.5. Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes de novembro de 2014.

14.6. Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas. A

mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

14.7. Ás unidades de mais de 6 membros concederáselles a puntuación establecida para as de seis (6) e dous (2) puntos máis por cada membro adicional.

14.8. Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores ó mes de novembro de 2014 computarán como un (1) membro máis da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acollidos, supostos de reagrupamento familiar...).

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
-425 -401	18	24	28	31	35	38
-400 -351	18	24	28	31	35	38
-350 -301	18	24	28	31	34	36
-300 -251	18	24	28	30	32	34
-250 -201	18	23	26	28	30	32
-200 -151	18	21	24	26	28	30
-150 -101	16	19	22	24	26	21
-100 -51	14	17	20	22	24	26
-50 -0	12	15	18	20	22	24
1 a 50	10	13	16	18	20	22
51 a 100	8	11	14	16	18	20
101 a 150	6	9	12	14	16	18
151 a 200	4	7	10	12	14	16
201 a 250	2	5	8	10	12	14
251 a 300	—	3	6	8	10	12
301 a 350	—	1	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

Décimo quinta.- Aboamento das axudas.

15.1. Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificaráselles a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo dun (1) mes para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. Tendo en conta a seu carácter de axudas sociais extraordinarias e as necesidades básicas e inmediatas que con elas téntanse satisfacer, o incumprimento inxustifico

dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

15.2. Nos casos acreditados de custos de aloxamento, a contía concedida aplicarase do seguinte xeito:

- O 65% desa contía destinarase ó aboamento (preferentemente, por transferencia bancaria), das cantidades pendentes e das mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2015.
- O 15% destinarase ó pagamento de gastos de subministros, mediante cheque bancario.
- O 20% restante será aboado mediante ingreso nunha tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.3. De non existir ou non poder acreditar os custos de aloxamento, entregaráselles ós beneficiarios as axudas nas seguintes porcentaxes:

- O 40% do importe concedido, nun cheque bancario para aboamento de subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.4. Por razóns operativas, non se aboarán mediante transferencia ou cheque bancario aquelas axudas de contía inferior a 15 €. De ser o caso, ingresaránse na tarxeta social.

15.5. Cando a axuda concedida se destine á compra de alimentos, o beneficiario deberá entregar os correspondentes tickets de compra no Departamento de Benestar social no prazo dun (1) mes.

15.6. Os gastos con cargo ás tarxetas sociais terán que realizarse antes do 15 de decembro de 2015.

Décimo sexta.- Revogación e réxime sancionador.

16.1. O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nestas Bases e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulado nas Bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades e xuros de mora correspondentes e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

16.2. Canto ó réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ó previsto sobre o particular na normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo sétima.- Desenvolvemento.

Facúltase á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para ditar as ordes e instrucións de aplicación que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento e execución destas Bases.

Décimo oitava.- Protección de datos.

Os datos das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subven-

cións, polo que a súa achega é obrigatoria. Eses datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na norma.

Décimo novena.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Vixésima.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nestas Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

GRB/mijg

A TÉCNICA DE SERVICIOS ECONÓMICOS, A XEFA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL,
M^a José Quintela Rodríguez Paz Fernández Fernández

O XEFE DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL,
Jesús Núñez-Torrón López”

4(1646).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. EXPTE. 2757/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.12.14, dáse conta do informe-proposta de data 26.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de decembro de 2014 as 13.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (expediente 2757-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa María Berdiales (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales. Exped 2757-440, no seguinte orde decrecente:

1	PETROLAM A VEIGA, S.L.	92,75
2	CIVISGLOBAL, S.L.:	90,68
3	ORESA, S.L.	88,95
4	COPCISA, S.A.	86,21
5	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.	84,98
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	84,92
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,91
8	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	81,75
9	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81,26
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	80,57
11	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	75,83
12	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU. - ALTRASAN	72,86
13	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	71,05
14	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	69,25
15	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	68,40
16	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	66,68
17	ORECO, S.A.	60,99
18	HORDESCON, S.L.	58,26
19	T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.	46,14
20	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	43,34

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM A VEIGA, S.L. para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 26 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PETROLAM A VEIGA, S.L., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 18-12-2014 e 19-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á PETROLAM A VEIGA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales, por un prezo de 418.525,99 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 96 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1647).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ. EXPTE. 2678/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 29.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

g)Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 19 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez (expediente 2678-440), no seguinte orde decrecente:

1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE.	90,89
2	COPCISA, S.A.	90,30
3	EXTRACO, S.A.	83,66
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	78,25
5	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	69,68
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	44,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE., S.A.U., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 18-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Juan Ramón Jiménez, por un prezo de 490.770 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 96 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1648).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE. EXPTE. 2725/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14, dáse conta do informe-proposta de data 29.12.14 asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pazos e entronque (expediente 2725-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras e humanización da rúa Pazos e entronque (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 26 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pazos e entronque, de ORESA, S.L., EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. e CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación de humanización da rúa Pazos e entronque”, no seguinte orde decrecente:

	EMPRESA	PUNTOS
1	UTE ACEVI – MOTAJES J.M. IGLESIAS , S.L.	90,18
2	HORDESCON, S.L.	81,64
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	78,55
4	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	76,40
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	63,29
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	55,44

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.- MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 26 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L- MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., á vista dos informes do xefe da área de Fomento, de datas 16, 17 e 26 de decembro de 2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L- MOTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pazos e entronque, por un prezo de 145.331,89 euros (IVE engadido) coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 60 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1649).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE SERVIDORES DE VIRTUALIZACIÓN. EXPTE. 7063/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14, dáse conta do informe-proposta de data 29.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

f) Procedemento aberto para a contratación da subministración de servidores de virtualización (expediente 7063-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de servidores de virtualización (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 22 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da subministración de servidores de virtualización (expediente 7063-113), no seguinte orde decrecente:

- 1. INFORHOUSE, S.L.: 69,06 puntos*
- 2. EDNON, S.L.: 65,06 puntos*
- 3. IPM, S.L.U.: 60,69 puntos*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSF):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 630,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 22 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INFORHOUSE, S.L., xefe do servizo de Administración Electrónica de datas 17-12-2014, 18-12-2014 e 19-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.-Adxudicar á INFORHOUSE, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración de servidores de virtualización, por un prezo de 41.574,23 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

1. Se compromete a subministrar tres servidores coa seguinte capacidade de procesamento:
 - servidor 1: 573,19 SPECvirt_sc2013

- servidor 2: 573,19 SPECvirt_sc2013
- servidor 3: 573,19 SPECvirt_sc2013

2. Se compromete a subministrar tres servidores coa seguinte capacidade de memoria:

- servidor 1: 256 GB
- servidor 2: 256 GB
- servidor 3: 256 GB

3. Os servidores ofertados terán licencia ESX 5.X Standard (Enterprise ou Enterprise plus)

4. Incrementa o prazo de garantía do equipamento físico en 2 anos. Respostarán as incidencias durante o prazo de garantía no mesmo día laborable.

5. Se compromete a reducir o prazo de entrega dos servidores en 40 días.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola mesa de contratación:

- Na sesión de data 17 de decembro de 2014 se excluíu a SPETEL GALICIA, S.L., porque o obxecto social da empresa non tiña relación co obxecto do contrato na data de finalización do prazo de presentación de ofertas.
- Na sesión de data 17 de decembro de 2014 se excluíu a UNIGAL, S.L., por incluír no sobre B datos relativos á criterios de adxudicación avaliábles mediante fórmula que deberían estar incluídos no sobre C.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1650).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA HISPANIDADE. EXPTE. 2830/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

e) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da finalización das obras de humanización da Avda. da Hispanidade (expediente 2830-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da Avda. da Hispanidade (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 22 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación da finalización das obras de humanización da Avda. da Hispanidade (expediente 2830-440) , no seguinte orde decrecente:

- 1. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.: 100,00 puntos*
- 2. UTE ACEVI, SL. – MONTAJES JM IGLESIAS, SL.: 94,35 puntos*
- 3. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: 69,62 puntos*
- 4. STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.: 69,59 puntos*
- 5. ORECO, S.A.: 30,19 puntos*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALE, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva.”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 22 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 16-12-2014 e 22-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Adxudicar á CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda. da Hispanidade, por un prezo de 108.171,67 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Dar conta da exclusión da mercantil NARON, S.L., acordadas pola mesa de contratación en data 15 de decembro de 2014 por ofertar un prezo superior ó prezo de licitación "

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1651).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL. EXPTE. 7457/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

d)Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural (expediente 7457-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 23 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural, de PROYECON GALICIA, S.A., e CIVISGLOBAL, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural” (expediente 7457-307), no seguinte orde decrecente:

1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	100,00
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.	92,11
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U	87,95
4	CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ S.L.	87,32
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.	87,01
6	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ A.A.	84,92
7	CONSTRUCCIONES ALEA S.L.	83,53
8	CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	81,11
9	CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	79,34
10	ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L.	78,98
11	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	74,71
12	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	70,50
13	ACEVI S.L. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. Y OTRO	54,24
14	ORECO S.A.	52,40
15	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	45,37

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSF):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 23 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., á vista dos informes da xefa do servizo de Patrimonio Histórico, de datas 18 e 23 de decembro de 2014, e dos arquitectos municipais de 22 de decembro 2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural, por un prezo de 385.345,79 euros (IVE engadido), e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 120 meses.*
- *Reduce o prazo de execución de obra en 5 semanas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1652).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 1213/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14 , dáse conta do informe-proposta de data 29.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso (expediente 1213-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCS).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de acondicionamento do mercado do Progreso (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 26 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso, de CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U., e COPCISA, S.A., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso”, no seguinte orde decrecente:

- 1. CIVISGLOBAL: 94,00 puntos*
- 2. OGMIOS PROYECTO, S.L.: 88,82 puntos*
- 3. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.-CONSTRUCCIONES Y PROXECTOS ABILLERIA, S.L.: 88,76 puntos*
- 4. OREGA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.: 84,33 puntos*
- 5. ORECO, S.A.: 83,97 puntos*
- 6. CONSTRUCTURA SAN JOSE, S.A.: 83,46 puntos*
- 7. UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. / ABECONSA, S.L.: 76,43 puntos*
- 8. EMERGIS: 73,82 puntos*
- 9. STRADIA INFRAESTRUCTURAS,S.L.: 68,52 puntos*
- 10. CONSTRUCCIONES MOYUA: 34,44 puntos*
- 11. MISTURAS, S.A: 26,38 puntos*
- 12. EXTRACO, S.A: 22,84 puntos*
- 13. CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U.: 17,40 puntos*

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*

Cuarto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 689,68 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 26 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L., á vista dos informes do xefe do xefe do servizo de Limpeza, de datas 16, 18 e 26 de decembro de 2014, e do arquitecto técnico municipal e do xefe do servizo de Limpeza de data 26 de decembro de 2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento do mercado do Progreso, por un prezo de 830.504,07 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 132 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1653).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. EXPTE. 2674/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.12.14, dáse conta do informe-proposta de data 29.12.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de decembro de 2014 as 12.30, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón (expediente 2674-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras e humanización da rúa Aragón (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 26 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, de CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón”, no seguinte orde decrecente:

	EMPRESA	PUNTOS
1	CIVISGLOBAL, S.L.	90,18
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,60
3	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	88,57
4	UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS, SAU.	85,61
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	83,00
6	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,80
7	ORECO, S.A.	79,48
8	COPCISA, S.A.	74,99
9	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.	42,83
10	HORDESCON, S.L.	25,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 657,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 26 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 29 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L., á vista dos informes do xefe da área de Fomento, de datas 16, 18 e 26 de decembro de 2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á CIVISGLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, por un prezo de 212.669,60 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- *Incrementa o prazo de garantía en 100 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1654).- PAGO DE ASISTENCIA DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES- MES NOVEMBRO 2014. EXPTE. 16568/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/14 e o informe xurídico do 29/12/14, dáse conta do informe-proposta do 05/12/14, do técnico medio de actividades culturais e educativas conformado pola concelleira de Educación e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2014, aprobouse entre outros, o nomeamento de persoal adscrito ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, como Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público non Universitario (Expte 15662/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d)/ 7.1.a)/28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 03 de novembro ate o 28 de novembro dos correntes, elévanse á cantidade de 4 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 149,94.-€ (CENTO COARENTA E NOVE CON NOVENTA E CATRO EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no mes de novembro de 2014, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(11/11/2014) 01 X 39,78.-€ 39,78.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(21/11/2014 – 26/11/2014) 02 X 36,72.-€ 73,44.-€

Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1
(25/11/2014) 01 X 36,72.-€ 36,72 .-€”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1655).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DA CESIÓN DE FINANCIAMENTO ÁS ENTIDADES ASINANTES DO PACTO POLO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO IMOS TRABALLAS 2. EXPTE. 11500/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 17.12.14, o informe de fiscalización do 26.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.12.14, conformado polo concelleiro de Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2012 aprobou o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e os axentes sociais asinantes do Pacto Local polo Emprego polo que se acordou ceder una financiación de 791.442,74 euros distribuídos nas anualidades 2012, 2013 e 2014 para a execución do proxecto Imos Traballar 2 enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo. O convenio tivo unha duración de 24 meses desde a súa sinatura (20 de febreiro de 2012 a 19 de febreiro de 2013).

O 14 de novembro a "Subdirección General de Cooperación Local" notificou o Concello de Vigo a concesión dun incremento na axuda para o proxecto 615 Imos Traballar2 derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", subvención que foi aceptada por acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de outubro de 2013. Por mor deste incremento da axuda para a Xunta de Goberno Local aprobou o 14 de febreiro de 2014, a sinatura dun novo convenio con vixencia desde o 20 de febreiro de 2014 ata o 20 de decembro de 2014, cedendo o Concello un novo financiamento as entidades por importe de 126.972,40.

Para facer fronte as xustificacións de gastos dos convenios na anualidade 2014 tramitaronse as modificacións de créditos MC 3/14 e MC 17/14 por importe de 195.223,50 euros na partida 2410,4890005 Convenios axentes Imos trab.II co seguinte desglose por entidades:

Entidade/Axente Social	CIF	MC	AD	Credito	Total 2014
ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO-AJE	G36905040	MC3/14	<u>Ad 20140009530</u>	7.588,79	15.588,79
		MC17/14	<u>AD 241000015704</u>	8.000,00	
SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS-CC.OO	G15103112	MC3/14	<u>Ad 201400009531</u>	8.191,72	47.784,82
		MC3/14	<u>AD 201400013552</u>	33.593,10	
CONFEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA-CEP	G36615219	MC17/14	<u>AD 201400015705</u>	6.000,00	37.893,10
		MC3/14	<u>AD 201400013554</u>	29.893,10	
CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA-CIG	G36706927	MC17/14	<u>AD 201400015739</u>	8.000,00	46.155,20
		MC3/14	<u>AD 20140009532</u>	8.262,10	
UNIION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA-UGT	G15383011	MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	29.893,10	47.801,59
		MC3/14	<u>AD 20140009533</u>	7.208,49	
		MC17/14	<u>AD 201400015706</u>	8.000,00	
Total		MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	33.593,10	195.223,50
		MC17/14	<u>AD 201400015707</u>	7.000,00	

A data actual as entidades asinantes do convenio presentaron a totalidade dos gastos a xustificar no 2014 polos importes que se detallan a continuación así como os saldos dispoñibles por entidade:

Entidade/Axente Social	MC	AD	Credito	Exp	Importe	Xustificación de Gastos 2014			Total remanente x entidade
						Exp	Importe	Pendiente	
ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO-AJE	MC3/14	<u>Ad 20140009530</u>	7.588,79	10908-77	4.341,41			3.247,38	3.634,16
	MC17/14	<u>AD 241000015704</u>	8.000,00	10840-77	3.900,69	10841-77	3.712,53	386,78	
SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS-CC.OO	MC3/14	<u>Ad 201400009531</u>	8.191,72	10960-77	4.664,35			3.527,37	5.457,93
	MC3/14	<u>AD 201400013552</u>	33.593,10	11095-77	25.677,03	11329-77	6.073,25	1.842,82	
	MC17/14	<u>AD 201400015705</u>	6.000,00	10850-77	5.912,26			87,74	
CONFEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA- CEP	MC3/14	<u>AD 201400013554</u>	29.893,10	11303-77	4.376,85	11426-77	23.612,31	1.903,94	2.057,56
	MC17/14	<u>AD 201400015739</u>	8.000,00	10955-77	3.255,30	10954-77	4.591,08	153,62	
CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA-CIG	MC3/14	<u>AD 20140009532</u>	8.262,10	10998-77	4.664,33			3.597,77	8.451,80
	MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	29.893,10	11142-77	19.652,15	11409-77	6.421,95	3.819,00	
	MC17/14	<u>AD 201400015706</u>	8.000,00	10997-77	6.964,97			1.035,03	
UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA-UGT	MC3/14	<u>AD 20140009533</u>	7.208,49	11088-77	5.393,98			1.814,51	4.578,33
	MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	33.593,10	11094-77	23.951,98	11438-77	7.363,75	2.277,37	
	MC17/14	<u>AD 201400015707</u>	7.000,00	10851-77	6.513,55			486,45	
Total aplicacion 2410 789 0005			195.223,50		119.268,85		51.774,87	24.179,78	24.179,78

Con data 7 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aceptou unha nova subvención por aplicación de remanentes para o proxecto Imos Traballar que supón novas accións e ampliación de desenvolvemento do mesmo con data límite 30 de setembro de 2015.

Como consecuencia desta última ampliación e dado que, de acordo coa disposición 3.2 dá Resolución de 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013, o proxecto debe incluír necesariamente un Pacto Local polo Emprego, xurdiu a u a dúbida de si esta aceptación supuña que o convenio asinado cos membros do Pacto debería manterse en vigor durante o período de execución do mesmo tanto si éstos executan gasto como si non. Neste sentido fíxose a consulta que se achega ao Ministerio que respondeu que efectivamente deberíamos asinar un novo convenio ou prórroga ao mesmo en tanto duren as actividades do proxecto.

Dada a necesidade de asinar un novo convenio e tendo en conta que están xustificadas a totalidade dos gastos das entidades nas anualidades 2012, 2013 e 2014, o Servizo de Emprego quere propor a Xunta de Goberno Local a anulación da cesión de financiamento polos saldos dispoñibles para cada unha das entidades co obxecto de poder utilizar ese remanente no ano 2015 ao financiamento das actividades que se lle encomenden as entidades do Pacto polo Emprego de Vigo derivadas do novo Convenio sempre que éstas leven asociadas gastos e que así o acorde a Xunta de Goberno Local.

Con respecto á modificación que se solicita, o Servizo de Emprego, informa:

✓ A proposta supón unicamente un reaxuste de anualidades e por tanto non implica maior gasto para o Concello de Vigo nin variación do orzamento total elixible nin da contía da subvención concedida así como tampouco incremento do financiamento total cedido polo Concello as entidades para o proxecto Imos Traballar2.

✓ Que o reaxuste de anualidades que se solicita non altera nin a finalidade nin os obxectivos da subvención concedida.

✓ Que a modificación que se propón non está incluída dentro de aquelas para as que é preciso solicitar conformidade da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

✓ Que o axuste de anualidades non contravén ningunha disposición ou regulamento do Fondo Social Europeo para a xestión do programa I mos Traballar2, toda vez que a única normativa sobre a temporalidade dos gastos refírese a que estes deben de estar incluídos dentro do período de execución do proxecto; neste caso desde 01/01/2011 ata 30/09/2015

PROPOSTA

1. Autorizar, unha vez xustificadas os gastos derivados do convenio asinado entre o Concello de Vigo e as entidades asinantes do Pacto polo Emprego para o desenvolvemento do proxecto I mos Traballar 2, a anulación da cesión de financiamento polos seguintes importes e entidades:

Entidade/Axente Social	CIF	MC	AD	Anulación	Total 2014
ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO-AJE	G36905040	MC3/14	<u>Ad 20140009530</u>	3.247,38	3.634,16
		MC17/14	<u>AD 241000015704</u>	386,78	
SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS-CC.OO	G15103112	MC3/14	<u>Ad 20140009531</u>	3.527,37	5.457,93
		MC3/14	<u>AD 201400013552</u>	1.842,82	
		MC17/14	<u>AD 201400015705</u>	87,74	
CONFEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA-CEP	G36615219	MC3/14	<u>AD 201400013554</u>	1.903,94	2.057,56
		MC17/14	<u>AD 201400015739</u>	153,62	
CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA-CIG	G36706927	MC3/14	<u>AD 20140009532</u>	3.597,77	8.451,80
		MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	3.819,00	
		MC17/14	<u>AD 201400015706</u>	1.035,03	
UNIION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA-UGT	G15383011	MC3/14	<u>AD 20140009533</u>	1.814,51	4.578,33
		MC3/14	<u>AD 201400013553</u>	2.277,37	
		MC17/14	<u>AD 201400015707</u>	486,45	
Total				24.179,78	24.179,78

3. Dada a necesidade de asinar un novo Convenio con motivo da ampliación da subvención para o proxecto 615 I mos Traballar2, subvención aceptada pola Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, estes remanentes poderanse aplicar na anualidade 2015 ao financiamento das actividades que se lle encomenden as entidades do Pacto polo Emprego de Vigo derivadas do novo Convenio sempre que éstas leven asociadas gastos e que así o aprobe a Xunta de Goberno Local

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1656).- TOMA DE COÑECEMENTO DE REMISIÓN DE ACTA DE REPLANTEO E SUSPENSIÓN TEMPORAL DAS OBRAS “MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES”. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 29.12.14, conformado pola xefa de Área da 1ª Tenencia de Alcaldía e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, aprobou o proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das “Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou *“adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”*.

Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear a Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

Con data 01/12/2014, o Alcalde asina un bando no que se sinala o seguinte:

“Co fin de facilitar a mobilidade en xeral no centro da cidade, debido á maior afluencia de persoas e vehículos, co gallo das festas do Nadal, compre o establecemento de medidas provisorias na zona urbana interior ao arco delimitado polas rúas: Doutor Corbal, Bos Aires, Travesía de Vigo, Aragón, Jenaro de la Fuente, Avda. Martínez Garrido, Estación de Autobuses, Avda. Arquitecto Palacios, Avda. Castrelos, Avda. Portanet, Avda. Citroën, circunvalación Oeste ata Bouzas, establécense as seguintes restriccións:

1.- As obras de canalizacións para servizos de saneamento, auga, electricidade, gas e telecomunicacións que se están a executar na vía pública deberán quedar rematadas ás 24,00 horas do sábado día 13 de decembro de 2014. As empresas responsables delas estarán obrigadas a repoñer o pavimento e a sinalización para deixar expedita a libre circulación de persoas e vehículos, polo que terán que retirar casetas, valos, materiais de obra e maquinaria, coa limpeza de calzada e beirarrúas nas rúas e espazos públicos afectados.

2.- Asemade, na zona urbana interior ao arco delimitado polas rúas: Isaac Peral, Doutor Canoa, Travesía de Vigo, Pizarro, Gran Vía e Coruña non se permitirán colectores de obra, sacos de residuos ou calquera outro acopio de materiais na vía pública, que deberán en todo caso ser retirados antes das 24,00 horas do sábado día 13 de decembro de 2014. As empresas responsables deles estarán obrigadas a retiralos, coa limpeza de calzada e beirarrúas nas rúas e espazos públicos afectados.

3.- Os traballos, que por atoparse no prazo de execución autorizado, que segundo o anterior teñan que suspenderse nestas datas, poderán continuarse a partir das 08,00 horas do vindeiro mércores día 07 de xaneiro de 2015. Polo tanto as obras en curso na actualidade que non poidan ser rematadas na data indicada do 13 de decembro, terán que manter expedito o paso por elas e o seu entorno, durante o período do Nadal, así como garantir unha correcta sinalización para o tráfico e seguridade viaria de persoas e vehículos, repoñéndoa á súa costa se se deteriorase por calquera motivo ou incidencia.

4.- Asemade, dende as 24,00 horas do sábado día 13 de decembro de 2014 ata as 08,00 horas do mércores día 07 de xaneiro de 2015, prohíbese a realización de calquera outra obra ou traballo que afecte á vía pública, tanto na calzada como nas beirarrúas, salvo autorización expresa por parte desta Alcaldía.

5.- Nas devanditas datas unicamente poderán ser atendidas, sen limitación de horarios, as emerxencias ou avarías que revistan carácter de urxencia. Cumprirá darlle coñecemento destas, cando se produza, á Policía Local, cando menos telefónicamente e deberase presentar no Concello, a través do seu Rexistro Xeral, e dentro das 24 horas seguintes, un dictame xustificativo da urxencia e alcance da avaría, subscrito polo técnico competente responsable da obra ou instalación afectada.

6.- Os demais traballos de mantemento ou reparación precisos nas vías e servizos públicos,

durante estes días, poderán realizarse entre as 21,00 horas e as 09,00 horas do día seguinte, trala autorización expedida pola Alcaldía.

7.- Lémbrese tamén que están obrigadas todas as empresas constructoras a retirar da vía pública todos os materiais, taboleiros, valos, maquinaria, etc., dos edificios en construción que non dispoñan dunha autorización expresa.

O incumprimento destas normas dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador e imposición da multa na contía máxima establecida na vixente lexislación de réxime local, así como á inmediata paralización das que se inicien, sen prexuízo de calquera outra medida que proceda adoptar.”

Con data 23/12/2014, o xefe de urbanizacións e infraestruturas da Xerencia municipal de Urbanismo, e dirección facultativa das obras sinala en informe que se acompaña ao expediente que as obras referidas continuaron ata o 19 de decembro, previa solicitude motivada, data na que foron suspendidas ata as 8:00 hs. do mércores 17 de xaneiro de 2015.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que *“A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais justificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.”*

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que *“Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación”.*

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo *“O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”*

Asimesmo, o punto 5, recolle os supostos nos que o órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución: *“a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.”*

En base ao exposto, unha vez asinada a acta de comprobación de replanteo dentro do prazo máximo fixado, e acordada a suspensión temporal das obras, procede a súa remisión para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- PROPOSTA:

En relación ao citado expediente das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, con data 26 de novembro de 2014, foi celebrado o acto para a sinatura da acta de comprobación de replanteo, asinada: pola dirección facultativa, Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., Cándido López Calvar; e pola coordinación de seguridade e saúde, Ángel Santorio Cuartero (se anexa copia da acta de comprobación de replanteo ao expediente de contratación 7279-307.)

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), asinada pola dirección facultativa Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., Cándido López Calvar; e pola coordinación de seguridade e saúde, Ángel Santorio Cuartero.

Segundo: Tomar coñecemento da suspensión temporal da execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), dende o 19 de decembro de 2014 ata as 8:00 hs. do mércores 7 de xaneiro de 2015.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1657).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE OBRAS “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE III” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 2651/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 29.12.14, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE III", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 26 de decembro de 2014 co número de expediente 2.651/443 por importe de 1.866.400,77 € (IVE excluído).

En data 29 de decembro de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CAMELIAS. FASE III", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.651-443

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Orzamento de execución material: 1.568.404,01 €

Orzamento de contrata: 1.866.400,77 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 6 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1e

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: FRAGA, QUIRÓS, PORTOLÉS y Asdos.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta e queda informada da tramitación do referido expediente de obras.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.